

## CAMPO DE VOLUNTARIADO "ALDEA ALFACUCA"

### MOS (PONTEVEDRA)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
26/7 - 6/08/2022	18-30	Internacional	Medioambiental e social	15



#### LOCALIZACIÓN

Na parroquia de Louredo do Concello de Mos, atopamos esta aldea restaurada na que constan unhas pequenas e antigas edificacións. Estas construcións fixéronse arredor de 1670.

#### DESCRICIÓN DO CAMPO

Áreas de intervención:

- Diseñar e executar a plantación dun Bosque Comestible / Bosque sumidoiro de CO2 nas inmediacións da Aldea Alfacuca, con identificación das distintas especies de flora e fauna que alí podemos atopar e distintos usos das plantas e árbores froiteiras.

- Diseñar e preparar unha horta biointensiva que despois se encargarán de coidar e manter os veciños e veciñas e que sexa de uso público para os visitantes do centro poder plantar e apañar distintas hortalizas.

- Montaxe dunha pequena Aula da Natureza nun dos espazos habilitados, creación de paneis informativos e selección de mostras. Deseño de dúas actividades para desenvolver na aldea e que poidan levarse a cabo unha vez rematado o campo o persoal do Concello, os centros educativos, etc.

- Creación dun xardín sensorial, con exemplares de plantas e herbas aromáticas que estimulen o olfacto así como os outros sentidos, e que poida ser visitado por colectivos que cada vez máis empregan estes espazos como lugar de aprendizaxe.

- Montaxe dun pequeno museo etnográfico, a través de visitas á veciñanza, recollendo obxectos antigos que poidan acabar no lixo, para musealizar unha pequena aula con obxectos da vida no rural.

- Creación dun composteiro para uso veciñal, que será presentado unha vez rematado coa explicación de que é e para que serve, xerando un tecido asociativo no que todos poidan ver recompensados os seus esforzos levando compostaxe periodicamente.

#### ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Mos a través da historia: o Castro de Torroso / Pazo de Mos
- Porriño a través da arquitectura de Antonio Palacios
- Feira de San Cosme
- Vigo castrexo e xacemento romano de Toralla; praia
- Redondela e visita á illa de San Simón
- Tui / Valença
- Foliadas

#### COMO CHEGAR

Dende Santiago, Pontevedra ou Ourense ata Vigo pódese viaxar por estrada en bus ([www.monbus.es](http://www.monbus.es)). Tamén se pode facer o traxecto en tren.

A liña de bus que conecta o aeroporto de Peinador (Vigo) coa cidade é [www.vitrassa.es](http://www.vitrassa.es).



#### ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN

Comunidade de Montes Veciñais de Louredo.

#### INCORPORACIÓN

O primeiro día no lugar do aloxamento. Alternativamente, establécese un segundo punto de encontro no aeroporto de Vigo.



## CAMPO DE VOLUNTARIADO "ALDEA ALFACUCA"

### MOS (PONTEVEDRA)

#### COTA

CENTO DEZ (**110 €**) euros. As persoas posuidoras do Carné xove, título de familia numerosa ou familia monoparental: OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (**82,50 €**).

#### DEVOLUCIÓN DA COTA

Circunstancias que dan dereito á devolución da cota:

- Anulación da actividade ou non prestación do servizo por causas non imputables á persoa interesada.
- Ingreso hospitalario, causa médica grave ou diagnóstico positivo en Covid 19 que afecte á persoa interesada e lle impida incorporarse ao campo. Deberá acreditarse con informes médicos e/ou do hospital no que estea ingresada, ou coa certificación do resultado da proba da Covid 19.
- Falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde estea ingresado o familiar, ou co certificado de defunción, de ser o caso.
- Abandono da actividade por calquera dos motivos recollidos na letra b), sempre e cando non transcorrese máis do 50 % dos días de duración do campo.

#### EQUIPO ACONSELLABLE

- Útiles de aseo.
- Saco de durmir e mochila pequena.
- Zapatos de montaña e calzado deportivo.
- Roupa: roupa deportiva, roupa de baño (toalla, zapatillas...) roupa de abrigo (adecuada para traballar baixo a chuvia ou con clima frío, guantes, gorro, calzado cómodo...).

#### DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.



#### SEGURO

Todas as persoas participantes disporán dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

#### CONTACTOS

Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado:

T. 981 957 115 - [camposdetraballo.xuventude@xunta.gal](mailto:camposdetraballo.xuventude@xunta.gal)

Servizo de Xuventude e Voluntariado de Vigo:

T. 986 817 079 - [campospontevedra.xuventude@xunta.gal](mailto:campospontevedra.xuventude@xunta.gal)

#### INFORMACIÓN ADICIONAL

**[xuventude.xunta.es](http://xuventude.xunta.es)** Portal da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xunta de Galicia con toda a información sobre campos, ocio e tempo libre, actividades, formación...

**@xuventudegalicia** Redes sociais da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.